

Teresa Seara: "Franco Grande é un poeta de actualidade, investigou moito a relación entre o tempo e o ser"

Teresa Seara (Toén, 1968) presenta *Un intre no tempo, Poesía reunida 1967-2017* (Galaxia), unha edición coa obra poética reunida de Xosé Luís Franco Grande. Este volume percorre medio século de creación dun dos autores fundamentais da xeración das Festas Minervais. A obra conxuga existencialismo, paixón e compromiso, revelando a evolución vital e literaria dun poeta que fixo do tempo e da identidade o eixo da súa escrita.

Sergio Casal 14 de novembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/teresa-seara/20251114183607239654.html>

—Que significan as letras de Xosé Luís Franco Grande para vostede?

Franco Grande é un poeta que sempre está de actualidade, no sentido de que el investigara moito a relación entre o tempo e o ser. Esa pregunta básica do ser humano de como nos afecta o tempo e a súa finitude.

—Que elementos destacaría na escrita de Franco Grande?

Ademais dese tipo de poesía máis ontolóxica e de reflexión —pois el establece moito diálogo coa filosofía e a literatura e é unha persoa moi culta— tamén ten poemas de denuncia dos feitos da época na que escribe os seus poemas. Ten poemas de circunstancias e poemas máis intimistas. Aparece tamén un certo telurismo e mesmo panteísmo nalgunha parte da súa obra. É un poeta moi diverso nese sentido.

—Que conclusión extrae do proceso de estruturación das súas obras para este volume?

Quizais a evolución que vai amosando no proceso de procura no que el sempre está. Vaise abrindo a outras referencias e ao diálogo con outras obras e autores. Por exemplo, aparece moito a pegada de Rosalía e de Kierkegaard, que era un autor que lle interesaba especialmente. Como vai abrindo a mirada e incluíndo máis elementos até chegar ao *Libro das abandonadas*, onde se centra na problemática da muller, pero das mulleres que foron abandonadas: as orfas, as viúvas e figuras históricas como Mariana Alcoforado. Sempre hai un núcleo central a partir do cal el vai ampliando o seu foco, co que amplía tamén as conclusións da súa pescuda.

—Como foi o traballo do autor noutros eidos alén da poesía?

Franco Grande foi un grandísimo lexicógrafo sen ter formación específica en lexicografía —el estudou Dereito—, pero fixo un traballo moi exhaustivo no seu dicionario e nos vocabularios que publicou. Foi tamén un bo dramaturgo, aínda tendo só unha obra de teatro; e como articulista

de prensa publicou desde o ano 1954 até uns días antes da súa morte. Artigos de prensa e de opinión, crítica literaria, artigos de investigación e despois xa todas as obras de ensaio, que son fundamentais para entender esa época. É un pouco o biógrafo dunha época moi rica, moi importante, porque é a época na que se está recuperando a nosa cultura despois do parada da Guerra Civil. O grupo ao que Franco Grande pertence comprométese cunha cultura que practicamente non coñece. El explica que nos anos escuros, cando chega a Santiago, practicamente non coñece a cultura galega, pero aí atópase con algo co que se compromete de por vida. É moi importante a súa parte de ensaísta cultural e político.

—Como lle gustaría que se aproximase o lector e a lectora a este libro?

Pensando en que vai atopar unha poesía que ten cousas que dicirlle. Pode establecer un diálogo con esa poesía, aínda que xa pasaran máis de cincuenta anos desde o primeiro libro publicado. Diríalle que entre cos ollos abertos ao que o autor lle vai explicar e lle vai contar, porque vai sacar unha mensaxe transcendental da lectura desta poesía.